



CONCELLO DE
OLEIROS

> **POLICÍA LOCAL**
MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

Procedemento: Contrato de subministración por procedemento aberto simplificado

Asunto: ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción. Descrición da situación actual

A finalidade da contratación é a adquisición de un vehículo patrulla para o departamento de Policía Local.

A Policía Local do Concello de Oleiros deben de dispoñer de vehículos para poder levar a cabo as diferentes tarefas que se teñen que realizar ao longo do termo municipal, vehículos adaptados as diferentes tipoloxías de intervención.

As diferentes encomendas e labores preventivos e de intervención fan necesario contar cun parque móbil axeitado, contando para elo con diferentes vehículos adaptados a cada tipo de traballo, sendo necesaria, asemade, unha polivalencia de funcións básicas en cada vehículo.

Ademais existe a necesidade de dotar a estes servizos de vehículos que sexan útiles nos diferentes tipos de intervencións tanto en accidentes de tráfico como no transporte de detidos, podendo ter unha capacidade de carga suficiente para portar os elementos necesarios para este tipo de intervencións.

2. Marco normativo

A norma básica de aplicación é a Lei 4/2007 do 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais de Galicia e desenvolto na Orde do 29 de decembro do 2010 pola que se establecen os elementos de configuración externa e deseño para a marcación e rotulación dos vehículos da policía local.

3. Obxecto do contrato

A finalidade da contratación é a subministración - en réxime de adquisición- dun vehículo para a Policía Local con kit de detidos nun lote único.

4. Análise técnica

Os requirimentos técnicos recóllense no apartado 3 do PPT.

A empresa está obrigada a poñer a disposición do adquirente -a través do responsable do contrato- un servizo de asistencia técnica post-venta durante un período de 10 anos, que cubra as necesidades de asistencia técnica e dispoñibilidade de repostos.





CONCELLO DE
OLEIROS

> POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

a. Prazo de entrega

Prazo de entrega máximo: O vehículo deberá ser posto a disposición do petionario dentro dos 60 días hábiles seguintes a data de formalización

b. Lugar de entrega dos produtos

O produtos entregaranse en todo caso nas dependencias municipais que sinala o responsable do contrato á hora de realizar o pedido. En caso de non existir mención expresa a entrega:

- Edificio da Policía Local de Oleiros (avda. Francisca Herrera, 10, 15173 Oleiros, A Coruña)

5. Análise económica

a. Orzamento base de licitación

Consonte o disposto no artigo 100.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a valoración do orzamento de licitación para a subministración do vehículo realízase dun modo adecuado aos prezos de mercado. A tal fin, foron realizadas consultas en diversas páxinas web ao obxecto de coñecer os prezos de compravenda de tipo de vehículos. Así mesmo foron consultados expedientes de subministración recentes deste tipo de vehículos na plataforma de contratación do sector público do estado.

Cantidade	Prezo unitario	Ive 21%	Total con Ive
1	33.057,85 €	6.942,15 €	40.000,00 €

Neste prezo incluírase o desconto derivado do prezo do vehículo municipal, marca Seat, modelo Altea, matrícula 7076 HXS, substituído que se entregará como parte integrante do prezo do novo vehículo, debendo os licitadores na súa oferta consignar expresamente a valoración ofrecida respecto a este vehículo usado que se entrega (que non poderá superar o 50% da oferta realizada), cuxa minoración respecto ao prezo do vehículo novo a fornecer determinará o concreto importe total de licitación resultante que nunca poderá ser superior ao importe máximo indicado.

As características do vehículo son:

- Seat Altea XL 1.6 TDI 105CV diésel
- Identif. ER019764
- Chasis VSSZZZ5PZER019764
- Matrícula 7071HSX
- Quilometraxe aproximado: 410.000





CONCELLO DE
OLEIROS

> POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

De conformidade có disposto no artigo 302.1 LCSP, faise constar que o pago do ben a subministrar realizarase mediante a entrega de bens da mesma clase, sen que o importe do valor do vehículo entregado poida superar o 50% do total. Dita forma de pago atopa a súa xustificación na axilización administrativa que supón a innecesariedade de proceder á desafectación do vehículo xa que - en virtude do establecido no parágrafo 2º do citado precepto- o acordo que dispoña a entrega dos bens pola Administración implica por si só a baixa no inventario e, no seu caso, a desafectación dos bens de que se trate, evitando así unha tramitación administrativa máis complexa para levar a cabo esa desafectación. Ademais, dita entrega permite monetizar os medios da Administración, pois o vehículo anterior xa non resulta útil para o Concello e permite obter un desconto no prezo en metálico do novo vehículo a causa da entrega do anterior.

Características básicas do vehículo a adquirir

Este vehículo tipo deberá de servir para o seu uso pola Policía Local, en vías urbanas e interurbanas, así como en camiños e accesos a zona de costa.

A unidade referida será tipo SUV de 5 portas e kit de detidos

Será de nova fabricación, de marca recoñecida no ámbito nacional e que dispoña de servizo técnico pos-venta.

A rodaxe permitida da unidade será a que corresponda soamente á fabricación, probas necesarias e lugar de destino da entrega.

Dimensións e capacidades

- Lonxitude total: mínimo 4300mm.; máximo 4500mm.
- Anchura (sen incluír espellos): mínimo 1790mm; máximo 1860mm
- Altura: mínimo 1580mm; máximo 1650mm.
- Capacidade do maleteiro: superior a 500 litros
- Capacidade: 5 prazas incluído o condutor
- Capacidade do depósito de combustible non inferior a 50 litros

Motor

- Combustible: gasolina ou gasóleo
- Cilindrada mínima de 1490 cc.
- Potencia igual ou superior a 150 CV
- Caixa de cambios automática de polo menos 7 velocidades cara adiante e unha marcha atrás.
- Tracción dianteira
- Motor dianteiro
- Emisións de CO2 non superior a 160 g/km

Freos

- De disco dianteiros e traseiros
- Sistema ABS

Dirección





CONCELLO DE
OLEIROS

> POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

- Asistida
- Volante axustable en altura e profundidade

Interior e instrumentación

- Sistema de mans libres para conexión co teléfono móbil
- Climatización bizona
- Sistema de navegación con pantalla táctil
- Conexións a portos USB
- Sistema de conexión sen fíos ou por cable da telefonía móbil

Outros

- Control electrónico de tracción
- Control electrónico de estabilidade. Peche centralizado con control remoto
- Sensores de aparcamento dianteiros e traseiros con cámara de visión traseira
- Detector de ángulo morto
- Alerta de tráfico posterior
- Start and stop
- Sensor de luces automático
- Iluminación faros led
- Asistente de freada
- Asentos dianteiros reforzados á altura dos lombares para evitar a rotura co roce dos aparellos ao cinto dos policía

Equipos de iluminación e sinalización

- Ponte de sinalización de 1 ou 2 niveis de cor azul, cuxo control será por medio dunha botoeira retroiluminada colocada no interior do habitáculo. Instalará luces tipo led, conector de teito e kit de fixación. Levará incorporado un panel abatible visible dende a parte anterior e posterior con software de conexión á botoeira.
- Dous focos de luz led cunha potencia igual ou superior a 4w para as aletas dianteiras, outros dous na grella dianteira e outros dous nas aletas traseiras
- Dous focos de luz led de 4w para interior de portón en cor azul/ámbar
- Un foco led de alta potencia de cor azul/vermella instalado no panel de control do vehículo
- Altofalante cunha potencia igual o superior a 150 w colocado no oco motor
- Amplificador sirena con megafonía, cunha potencia igual ou superior a 100w, con botoneira con micro para a megafonía y control de volume do micro
- Reforzo de luz led en zona de maleteiro con activación automática

Pintura e acabados

- Exterior: Branco.





CONCELLO DE
OLEIROS

> POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

- As lúas da parte traseira e do portón traseiro ou dobre porta traseira iran tinguidas con lámina homologada.

Rotulación

- O vehículo rotularase de acordo a normativa vixente de policía locais de Galicia.

Emisora

- Preinstalación dunha emisora de comunicación das característica e compatible coas usadas actualmente na Policía Local de Oleiros

Kit de detidos

- Estará composto dun solo, asento dobre corrido e paneis nas portas traseiras en ABS
- Mampara de separación entre asentos dianteiros e posteriores con ventiladores e sistema de reforzamento
- Cintos de seguridade eléctricos
- A apertura e peche das portas traseiras, así como das fiestras, deberán controlarse dende o habitáculo dianteiro

Equipamento policial

- Dúas lanternas (cun mínimo de 700 lúmenes) de uso policial, recargables con cargador e soporte para vehículo con dous conos difusores de cor amarelo e dous vermello. Tanto os soportes das lanternas como dos conos irán instalados na prancha de separación de compartimentos
- Un extintor de 6 kg de polvo ABC con soporte

Documentación e referencias técnicas

O vehículo será entregado con toda a documentación esixible segundo a normativa e lexislación vixente e matriculado.

Os gastos de matriculación e inspeccións do vehículo estarán incluídos na oferta.

Ademais da documentación esixible segundo normativa para o vehículo, a empresa subministradora deberá entregar a seguinte documentación, en galego e/ou en castelán:

- Manuais de funcionamento e mantemento do vehículo
- Documentación do vehículo e revisión ITV das reformas realizadas
- Datos dos fabricantes do equipamento
- Garantías e coberturas
- Datos de contacto da rede de talleres oficiais da marca do vehículo





CONCELLO DE
OLEIROS

> POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

Garantía

A subministración e materiais auxiliares estarán garantidos, respondendo de vicios e defectos de funcionamento ou avaría imputable a defecto de fabricación, sen custo de pezas, man de obra e desprazamento do persoal ao lugar onde se atope a unidade.

A garantía alcanzará a reparación, modificación ou substitución de elementos e man de obra, tanto na unidade como dos restantes elementos subministrados, que puideran chegar a sufrir a mesma deficiencia por causas iguais, realizadas no menor tempo posible sen custo.

O prazo de garantía para o vehículo serán dunha duración e dun período mínimo tres anos, sen limitación de quilómetros, a partires da acta de recepción.

Asistencia técnica post-venda

A empresa subministradora comprometerase a dispoñer dun servizo de asistencia técnica post-venda durante un período de 10 anos, que cubra as necesidades de asistencia técnica e dispoñibilidade de repostos.

6. Requisitos de solvencia





SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA (artigo 87 LCSP)

A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional acreditarase mediante a achega dos documentos a que se refiren os criterios de selección marcados:

Volume anual de negocios de licitador referido ao ano de mellor volume de negocio dos tres últimos concluídos. <i>(No caso de división en lotes, o presente criterio aplícase en relación con cada un deles)</i>
Criterios de selección: Por importe igual ou superior ao 100% do valor estimado deste contrato.
Acreditarase mediante: 1.- As contas anuais presentadas no rexistro mercantil referidas ao ano que acredite e declaración do empresario indicando o volume de negocios global da empresa. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventario e contas anuais. 2.- Un resumo anual do IVE (modelo 390) do mesmo ano do que presentan as contas.

SOLVENCIA TÉCNICA (artigo 89 LCSP)

A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional acreditarase mediante a achega dos documentos a que se refiren os criterios de selección marcados. Haberá de terse en conta o disposto no artigo 89.1.h), que indica que no caso de contratos non suxeitos a regulación harmonizada, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios referidos a continuación e identificados coas letras b) a g), e en ningún caso lle será aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de subministracións.

Relación das principais subministracións ou traballos realizados nos últimos tres anos do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, avalada por certificados de boa execución.
Criterios de selección: O requisito mínimo para considerar que o licitador conta con solvencia técnica abondo para a execución desta subministración será que: <input checked="" type="checkbox"/> A realización de 3 subministracións das mesmas características
Acreditarase mediante: A experiencia acreditarase mediante a relación dos traballos realizados polo interesado nos últimos 3 anos do mesmo tipo ou natureza o que corresponde ao obxecto do contrato, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos, e avalados por certificados de boa execución. Estes certificados de boa execución deberán estar expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario

7. Análise do procedemento

a. Xustificación do procedemento

Visto o valor estimado e criterios de valoración da presente subministración, e tendo en conta o disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a canle a seguir para a licitación do presente contrato será a do procedemento aberto simplificado con multiplicidade de criterios, previsto no art. 159 LCSP

b. Cualificación do contrato





CONCELLO DE
OLEIROS

> POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

Trátase dun contrato de subministración, tal e como se deduce do artigo 16 da LCSP, no que se establece que son contratos deste tipo aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

c. Duración

A duración do contrato será dun ano, sen posibilidade de prórrogas.

d. Criterios de adxudicación

a) Oferta económica (75,00 puntos)

A puntuación neste criterio realízase atendendo á seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = [(62 \times \text{oferta mínima en metálico}) / \text{oferta a valorar}] + [(13 \times \text{valoración do vehículo a entregar} / \text{valoración máxima do vehículo a entregar}]$$

A fórmula elixida pondera a valoración do importe a abonar en metálico e a do vehículo a entregar, tendo en conta a valoración do vehículo que se obtén na Axencia Tributaria de Galicia a efectos fiscais. Así, os importes dos que se parte para facer a ponderación na fórmula de valoración son os seguintes:

	Tipo licitación en metálico	Tipo de licitación do vehículo a entregar	Total
Importes	33.057,85 €	3.439,00 €	36.496,85 €
%	90,58%	9,42%	100%
Puntuación	68,00	7,00	75,00

b) Prazo de garantía (10 puntos)

Valorarase a partir dos 3 anos, non acadando puntuación aquela oferta que non supere o antedito prazo. Por cada ano a maiores sen limitación de quilometraxe outorgarase 5 puntos por ano ata un máximo de 10 puntos.

c) Servizo post venda (15 puntos)

- Por servizo de asistencia técnica oficial dentro do termo municipal do Concello de Oleiros, 15 puntos.
- Por atoparse o servizo técnico oficial fora do termo municipal do Concello de Oleiros e cunha distancia inferior ou igual a 15 quilómetros dende o casa do Concello de Oleiros, 10 puntos.
- Por atoparse o servizo técnico oficial fóra do termo municipal do Concello de Oleiros e cunha distancia superior a 15 quilómetros dende o casa do Concello de Oleiros, 0 puntos.

Non é necesario dispor dos centros de servizo post-venda no momento de presentar a oferta, se ben no caso de ofertarse deberán de poñerse a disposición do Concello os puntos indicados antes do inicio da execución do contrato, indicando a súa localización.





CONCELLO DE
OLEIROS

> POLICÍA LOCAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

8. Conclusións

A área de Policía Local precisa que se proceda ao inicio dun procedemento de contratación ao fin de adquirir un vehículo, xa que os axentes da Policía Local do Concello de Oleiros deben de dispoñer de vehículos, adaptados as diferentes tipoloxías de intervención, e que posibiliten desenvolver as diferentes tarefas que se teñen que realizar ao longo do termo municipal. Este equipamento resulta de uso obrigatorio no desempeño das súas funcións e tamén polas condicións de traballo que teñen que soportar nas diferentes intervencións.

Así, considerando o valor estimado do contrato é de 33.057,85 €, e atendendo á tipoloxía dos criterios de adxudicación, o procedemento que se considera máis axeitado para a tramitación do expediente de contratación é o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159 LCSP, con multiplicidade de criterios.

